




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3 (A Barcia)
15897-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 542 500



Resolución do 9 de marzo de 2021 da Axencia Turismo de Galicia pola que se selecciona a entidade financeira colaboradora para a xestión da tarxeta Bono Turístico QuedamosenGalicia 2021.

FEITOS

1. Mediante Resolución do 1 de marzo de 2021, a Axencia de Turismo de Galicia convocou un procedemento de concorrencia para a selección da entidade financeira colaboradora para a xestión da axuda económica que se fará efectiva a través da tarxeta “Bono Turístico” e a entrega a través dela de fondos ás persoas beneficiarias da axuda, de acordo coas instrucións que proporcione a Axencia Turismo de Galicia de conformidade coas resolucións de concesión das mesmas.

No dito procedemento podían participar as entidades de carácter financeiro con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar e cumpran os seguintes requisitos:

- Ter oficinas comerciais abertas, cando menos, nos concellos de máis de 20.000 habitantes das catro provincias galegas
- Ter colaborado na xestión financeira da Xunta de Galicia nos últimos dous anos.

2. O anuncio deste procedemento publicouse na páxina web da Axencia Turismo de Galicia o 1 de marzo de 2021.

3. Segundo a dita Resolución, o prazo de presentación de solicitudes era de 5 días naturais, polo que comezou o 2 de marzo e finalizou o 6 do mesmo mes.

4. Presentouse unha única solicitude de participación dentro do prazo establecido, por parte de Abanca Corporación Bancaria, S.A.

5. Unha vez instruído o oportuno procedemento e examinada a documentación presentada pola dita entidade, comprobouse que a entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A. cumpre cos requisitos establecidos na convocatoria.

CONSIDERACIONES LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para ditar a presente resolución a directora de Turismo de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 19.4 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

2. O artigo 13.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia dispón que cando as entidades colaboradoras sexan persoas suxeitas a dereito privado, seleccionaranse previamente mediante un procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e a colaboración formalizárase mediante convenio, salvo que polo obxecto da colaboración resulte de aplicación plena a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3 (A Barcia)
15897-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 542 500

galicia

Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Tendo en conta que o obxecto desta colaboración non supón, a cargo da Administración, unha contraprestación directa a favor da entidade colaboradora, subscribírase ou oportuno convenio de colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia.

En base ao anterior,

RESOLVO:

1. Seleccionar como entidade colaboradora para a xestión da tarxeta Bono Turístico QuedamosenGalicia 2021 á entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A.
2. A formalización desta colaboración se efectuará mediante a sinatura do correspondente convenio de colaboración.
3. Ordenar a publicación desta Resolución na páxina web da Axencia Turismo de Galicia <https://www.turismo.gal>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

A directora da Axencia Turismo de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez

